



## **O Balonmán Cangas chama á unión de O Gatañal no tramo decisivo da tempada**

***O clube apela á forza da súa afección de cara ó partido deste domingo ante Horneo BM Alicante e prepara unha nova xornada de previa dende as 18:00 horas.***

Queremos dirixirnos aos nosos socios, socias e afeccionados nun momento decisivo da temporada. Somos conscientes de que os últimos resultados e sensacións non estiveron á altura do que todos esperamos, e entendemos as críticas, realizadas sempre dende o respecto, que se expresaron nos últimos días.

Facémolo, ademais, coa convicción de que unha afección como a nosa, esixente, fiel e profundamente comprometida co clube, merece sentirse escoitada. Pero tamén coa certeza de que xogadores, corpo técnico e directiva estamos traballando coa máxima implicación para darlle a volta á situación.

No Balonmán Cangas sempre entendemos que a esixencia forma parte da nosa identidade. Este é un club que se gañou cada paso dende o esforzo, o compromiso e a capacidade de competir ata o final. Por iso, asumimos con responsabilidade o momento actual, pero tamén coa determinación de quen sabe que aínda queda moito por pelexar.

Quedan oito xornadas por diante, cinco delas no Gatañal, e aínda recibiremos na casa a catro rivais directos. Seguimos fóra dos postos de descenso e afrontamos este tramo final dependendo de nós mesmos. Sabemos o que está en xogo e precisamente por iso creemos que este é o momento de estar máis unidos ca nunca.

Abril debe ser un punto de encontro entre equipo e afección para empurrar xuntos no momento máis importante do ano. Necesitamos ofrecer unha mellor versión sobre a pista, pero tamén volver sentir a forza do Gatañal como un lugar que marca diferenzas, que apreta, que empuxa e que converte cada partido na casa nunha batalla compartida.

### ***Unha nova xornada de previa con música e promocións na cantina***

Esa unión debe comezar este próximo domingo no encontro ante o Horneo BM Alicante, que se disputará no Gatañal ás 20:30 horas. Con ese obxectivo, organizaremos unha nova xornada de previa para a afección desde as 18:00 horas na cantina, con música en directo e ofertas especiais na cantina que daremos a coñecer próximamente.

Ademais, como mostra de agradecemento polo seu apoio constante, repartiremos invitacións entre os nosos patrocinadores para que poidan compartilas cos seus clientes e contribuír tamén a que o Gatañal presente o mellor ambiente posible nunha cita fundamental para o equipo.

Este non é momento de dar un paso atrás. É momento de responder, de competir, de apertar xuntos e de defender entre todos o que tanto esforzo custou construír. Creemos na nosa xente, creemos no noso equipo e creemos na forza do Gatañal para afrontar unidos este tramo decisivo do campionato.

### **CONTACTO PARA MEDIOS**



Pepe Camiña – 678 810 441



[p.camina@balonmancangas.com](mailto:p.camina@balonmancangas.com)